

## RESUMO MESA SECTORIAL 11 OUTUBRO 2016

- *Orde pola que se convoca concurso de traslados entre persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño, mestres, inspectores ao servizo da administración educativa e inspectores de educación.*

Desde CCOO consideramos que a convocatoria do concurso de traslados tal e como pretende a Consellería **plantexa serias dúbidas no tocante á súa seguridade xurídica**, así como **vulnera o principio de igualdade** para os docentes que están a participar no mesmo.

Desde esta organización criticamos a falta de coordinación entre o goberno central e autonómico (a pesar de ser do mesmo signo político) e a desidia amosada por ambos estamentos para abrir a negociación do RD 1364/2010 que permitira a convocatoria do concurso de traslados cun baremo único para todo o estado. Esta situación esta a por en cuestión a mobilidade do profesorado galego, non solo no interior da nosa comunidade, senón para aquel profesorado que quere volver a Galicia, ou que polas razóns que sexa decide optar a vacantes noutra administración. Non debemos esquecer que somos un corpo estatal e como tal **a mobilidade debe abranguer a todo o estado**

CCOO defende a mobilidade do profesorado, pero non a calquera prezo e sen garantías, a administración ten que ter claro que non pode facer unha convocatoria en contra das normas procedimentais, publicadas o 5 de outubro no BOE, dun concurso de traslados de carácter estatal, o que vai a xerar reclamacións, unha nova xudicialización do mesmo e redundará na paralización do concurso, **especialmente tras a base 10ª que vincula a decisión sobre os baremos a unha comisión no caso de desigualdade.**

**CCOO defende a existencia dun único baremo** que rexa os concursos de traslados, a situación que provocou a decisión da Consellería é a da duplicidade do mesmo. Esta organización non se opón a que sexan tidos en conta os servizos prestados antes de ser nomeado funcionario de carreira, pero considera que é un tema que debe ser debatido no seo da conferencia sectorial e na Mesa Sectorial do estado, levando consigo a modificación do RD 1364/2010. É evidente que a directiva europea é de aplicación e que as decisións xudiciais van nesa liña pero a interpretación que se pode facer da aplicación da mesma non ten porque ser a que actualmente esta facendo a Consellería.

## RESUMO MESA SECTORIAL 11 OUTUBRO 2016

Esta organización considera que a actitude da Consellería, mantendo a súa posición de forza na aplicación do baremo, amén de irresponsable, non é mais que unha cortiña de fume para ocultar os prexuízos ocasionados aos docentes durante todo este tempo pola decisión precipitada de dita Consellería.

Desde CCOO consideramos necesaria unha suspensión cautelar do concurso durante un breve período de tempo, un mes alomenos, que permitira a apertura de negociacións no estado dunha proposta de baremo, que salvara a situación actual e permitira unha convocatoria do concurso de traslados que respetara o principio de igualdade para os participantes.

Entrando xa en propostas concretas do **articulado**:

Pedimos que a Consellería envíe instrucións claras ás xefaturas territoriais acerca da obriga de negociar as vacantes. Como ven sendo costume en dúas provincias se saltan esta obriga de forma constante o a disfrazan de tal forma que a negociación non é efectiva.

Ademais disto non é de recibo establecer que os centros funcionen no caso do Concurso como unidades administrativas e non abordar a continuación da dotación de administrativos en todos os centros de Primaria. CCOO demanda esa dotación. Non se deben incrementar nos centros os traballos dos equipos directivos.

Unha queixa que nos fixo chegar o profesorado e da que queremos deixar constancia é o mal funcionamento da aplicación informática nomeada "datos persoais", onde despois de estar moito tempo introducindo datos estes desaparecían varias veces.

Páx 4. segundo parágrafo

*"Non se ofertan, polo tanto, aquelas prazas que poidan producirse como resultas da resolución dos concursos de traslados, cando unha persoa obteña destino definitivo nun corpo pero o seu destino definitivo de procedencia o posúa noutro corpo distinto."*

Deberían ofertarse estas resultas a pesar de ser de corpo diferente.

As vacantes provisionais deberan publicarse simultaneamente nas datas de presentación da convocatoria e non deberan ser moi diferentes das definitivas. As vacantes definitivas deben coñecerse antes ou simultaneamente coa publicación da resolución provisional do concurso para que os concursantes poidan valorar se renuncian á participación no concurso.

**Consideramos que deben ofertarse todas as vacantes que se produzan antes da resolución definitiva de vacantes.**

En todo caso deben ofertarse todas as vacantes creadas en catálogo e facilitar as do 1º ciclo da ESO para que sexa efectiva a mobilidade entre os mestres que teñen destino neste ciclo. Estas últimas hai que ofertalas en todas as localidades na que haxa demanda; esta oferta pode facerse en función das peticións con ocasión de vacante. Requirimos instrucións claras á inspección para que non se oculten estas vacantes para o corpo de Mestres.

## RESUMO MESA SECTORIAL 11 OUTUBRO 2016

**Hai que catalogar as prazas de difícil desempeño, xa que hai centros deste tipo que non figuran.**

**No anexo XIV** seu apartado segundo aparece o código 61 para as prazas de AL. CCOO reclama que se incorporen prazas dese perfil nos catálogos dos IES e CPI porque actualmente non existen e non poden dotarse de forma definitiva.

**Na base 19ª:** Ampliar o número de provincias no dereito de concorrencia.

Aínda que as puntuacións poidan reclamarse ao longo do proceso, sendo este dinámico, debe establecerse unha data na que as puntuacións sexan definitivas para abrir a posibilidade de reclamacións non á propia puntuación senón ás de outros participantes. Tamén debe establecerse unha data de resolución definitiva das puntuacións.

Con respecto ao **Baremo**, somos conscientes que pouco se pode modificar. Aínda así queremos que conste en acta a nosa oposición a cuestións que aparecen por non ter sido negociados coas OOSS. Seguindo a Orde:

- Desempeño de cargos directivos e outras funcións: o límite a 5 puntos das outras funcións que non sexan directivas provoca un desequilibrio na puntuación. **Debera ser consumible**
- No apartado 4.1 do baremo de persoal docente, “servizos como director/a de centro”, deben incluírse os servizos prestados como responsables de centros de menos de tres unidades
- No punto 4.3, outras funcións docentes seguen obviándose postos de coordinación propios da Formación Profesional: coordinador titor de entendemento/viveiro de empresa, coordinador da bolsa de emprego.
- Publicacións: CCOO xa denunciou o pésimo funcionamento da comisión que valorou estes méritos os cursos pasados. Puntuáronse traballos de escasa calidade e as publicacións de determinados programas do Ministerio de Educación, por exemplo as do CNICE, con ISBN e NIPO deixáronse sen puntuar por non ter depósito legal, ao que estes programas non están obrigados. Artigos nas revistas dos CFR tampouco foron puntuadas... **Deben puntuarse traducións e publicacións no estranxeiro**

O pasado concurso puntuáronse as traducións. Se volve a facerse neste concurso debe ser coñecido por todos os concursantes polo que habería que engadilo na convocatoria nun novo apartado.

- Desgústanos, por iso opuxémonos no Estado á puntuación por desempeñar postos na administración.
- Tamén lamentamos que se puntúe a participación en tribunais de procedementos selectivos.
- Clarificar o apartado 6.6. Non ten sentido puntuar titorías de máster e non de CAP; ademais é pouca puntuación se a comparamos cos postos na administración ou outros apartados do punto 6. O mesmo opinamos da titoría do alumnado que estudou maxisterio cando este era diplomatura. Debera incluírse a titoría de funcionarios en prácticas
- Deberan puntuarse os certificados de Idiomas obtidos fora das EOI.
- Se o Celga 4 en lugar de puntuarse como C1 no apartado dos niveis de idiomas se pasa a puntuar en cursos de formación podería haber un problema de seguridade xurídica se se equiparan as validacións á realización do propio curso.